



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: correo@fgalpelota.es

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de representación e de goberno, e nela estarán representados os diferentes estamentos deportivos e colectivos que compoñen a federación. A determinación dos membros de cada estamento que forman parte da Asemblea Xeral farase baseándose nunha elección mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os integrantes maiores de 18 anos de cada colectivo.

A Asemblea Xeral estará constituída polo Presidente da Federación Galega e por representantes dos clubs, entidades deportivas, deportistas, técnicos, árbitros e outros colectivos.

O mandato dos membros da asemblea xeral é de catro anos.

Os clubs e entidades deportivas non poderán ser membros da Asemblea Xeral si, no intre da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Os compoñentes da Xunta Directiva, por esa soa consideración, poderán asistir ás reunións da Asemblea, con voz, pero sen dereito a voto.

A Asemblea Xeral estará integrada polos membros que se fixe segundo os procedementos previstos no regulamento electoral, e a representación de estamentos responderá as seguintes proporcións:

- Representantes de Clubs e Entidades Deportivas: entre 40 e 70 %.
- Representantes de Deportistas: entre 20 e 40 %. (10 % deportistas alto nivel)
- Representantes de adestradores e técnicos: entre 5 e 20 %.
- Representantes de Árbitros: entre 5 e 10 %
- Outros colectivos: se os houbera ata o 5 %

A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da Asemblea Xeral e de cada un dos seus estamentos.

Son competencias da Asemblea Xeral entre outras, as seguintes:

- 1.- Aprobación e modificación dos Estatutos e Regulamentos que sexan necesarios.
- 2.- A elección de presidente e a aprobación da moción de censura que será causa de cese do presidente, así como a elección da Comisión Delegada da Federación.
- 3.- Aprobar o balance, as contas, orzamentos e memorias que teñen que formalizarse.
- 4.- Aprobar os programas e calendarios deportivos anuais a desenrolar pola Federación Galega así como as Bases e Regulamentos que rexerán as competicións.
- 5.- Aprobar os Honorarios, Axudas a Campionatos, Desprazamentos e dietas, Estancia e manutención, Publicidade, Taxas e Cánones.
- 6.- Aprobar os regulamentos de Eleccións á Asemblea, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega.
- 7.- Aprobación do regulamento de Disciplina Deportiva.
- 8.- Os acordos adoptáranse por maioría simple, salvo previsión estatutaria diferente.
- 9.- Calquera outra competencia da Federación Galega que non estea expresamente atribuída polos presente Estatutos a outro órgano.

Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada serán vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade de órganos, persoas e entidades que integran a Federación Galega, e terán forza executiva a partir da data de adopción.



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: correo@fgalpelota.es

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL PERÍODO 2022 - 2026

ESTAMENTO ENTIDADES DEPORTIVAS: 9	ESTAMENTO DE DEPORTISTAS: 5
<u>Frontón Curto 36 metros</u>	<u>Frontón Curto 36 metros</u>
Club Pelota La Coruña	José María Olaiz García
Club Deportivo Vigués de Pelota	Jonathan Martín Melgosa Tarjuelo
Club Pelota Torre Hércules	<u>Frontón Longo 54 metros</u>
Club Pelota Marineda	Eduardo Rodríguez Penas
<u>Frontón Longo 54 metros</u>	<u>Frontón de 30 metros</u>
Club Pelota La Coruña	Luis Calzón Dopazo
<u>Frontón 30 metros</u>	Francisco Javier Martínez Santos
Club Pelota Os'Leños	ESTAMENTO DE ADESTRADORES-TÉCNICOS: 1
Club Pelota La Coruña	Juan José Penas Ramos
Club de Frontenis Esguello	ESTAMENTO XUÍCES-ÁRBITROS: 1
Club Pelota Punta Herminia	Juan Iglesias Parga